

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**  
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

**MD85PRO01**

**Programación**

**Itinerario de Interpretación de Música Antiga**

**Curso 2018/19**

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



## Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introdución.....</b>	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>Metodoloxía.....</b>	<b>3</b>
<b>3.</b>	<b>Atención á diversidade.....</b>	<b>3</b>
<b>4.</b>	<b>Temas transversais.....</b>	<b>3</b>
	4.1 Educación en valores.....	4
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	4
<b>5.</b>	<b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>	<b>4</b>
<b>6.</b>	<b>Secuenciación do curso.....</b>	<b>4</b>
	6.1 Sexto Curso do Grao Profesional: Itinerario de Interpretación de Música Antiga.....	4
	6.1.1 Obxectivos.....	4
	6.1.2 Contidos.....	5
	6.1.3 Avaliación.....	6
	6.1.4 Medidas de recuperación.....	8
	6.1.5 Recursos didácticos.....	8
<b>7.</b>	<b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b>	<b>9</b>
<b>8.</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....</b>	<b>9</b>
	8.1 Calibración. Proceso PR76CAL.....	9



## 1. Introducción

---

O Itinerario de Interpretación, materia que se imparte no 6º curso do grao profesional, pretende dotar ao alumno/a dunha base teórico-práctica no eido da tradición interpretativa, entendendo que este coñecemento resulta vital para a súa futura traxectoria como intérprete, o que pasa polo acceso, análise, comprensión e asimilación das fontes dispoñibles, tanto escritas, sonoras e audiovisuais, que constitúen un punto de partida para percibir a esencia da tradición sonora musical así como as cuestións relacionadas coa posta en escena.

Este itinerario oríentase a dotar ao alumno/a de ferramentas necesarias no seu futuro como intérprete así como de darlle orientacións sobre as saídas profesionais existentes no ámbito interpretativo.

Esta programación didáctica ten como referencia o *Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.*

## 2. Metodoloxía

---

A metodoloxía didáctica fundaméntase na proposta de actividades que teñen como obxectivo estimular a aprendizaxe do alumno/a e implicalo/a dunha maneira activa, coa finalidade de que o axuden a desenvolver técnicas de estudo eficaces, a mellorar a súa capacidade de análise e crítica musical, a incrementar o seu nivel de coñecementos verbo dos estilos interpretativos, a afondar nos aspectos que interveñen nunha posta en escena adecuada así como a adquisición de calidade na interpretación.

## 3. Atención á diversidade

---

O conxunto do alumnado caracterízase pola súa heteroxeneidade: esta diversidade débese a factores sociais, culturais, xeográficos,... así como ás diferentes capacidades, intereses e motivacións de cada alumno/a en particular, etc. Neste contexto, o docente identificará as dificultades que presenten os alumnos/as e adoptará as medidas necesarias para o seu tratamento efectivo.

Para adaptar os obxectivos de cada unidade de programación aos alumnos/as que presenten algún tipo de dificultade na aprendizaxe, procederase, en primeiro lugar, a delimitar o aspecto, destreza ou capacidade a traballar, para, en segundo lugar, adaptar o programa ao caso concreto do alumno/a. Por último, deberá avaliarse se se acadaron os obxectivos propostos en relación ás dificultades que se presentaban ao inicio do proceso de aprendizaxe.

## 4. Temas transversais

---

Nas clases e nas actividades que se organicen fóra da aula estarán presentes temas transversais que se consideran fundamentais para a formación do alumno/a como persoa.



## 4.1 Educación en valores

As ensinanzas de música contribuirán a fomentar no alumnado actitudes e valores baseados no respecto mutuo entre as persoas, o compañeirismo, a igualdade entre homes e mulleres, o respecto ás distintas culturas, a solidariedade, a xustiza, a educación para a paz, a educación ambiental, a educación para a saúde, así como o esforzo, a crítica e a iniciativa persoal.

## 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Fomentarase no alumnado o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á aprendizaxe musical: dispositivos de reprodución de audio, gravadora de son, cámara de vídeo, ordenador, tablet,...

O alumnado terá acceso a unha aula virtual con contidos complementarios ás clases.

## 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Promoverase a participación e asistencia do alumnado nas distintas actividades que organice o centro dentro e fóra das súas instalacións como concertos e outras actividades.

## 6. Secuenciación do curso

### 6.1 Sexto Curso do Grao Profesional: Itinerario de Interpretación de Música Antiga

#### 6.1.1 Obxectivos

Os obxectivos do itinerario de Interpretación son:

1. Coñecer as técnicas básicas de estudo (organización, memoria, concentración, relaxación, etc.) e favorecer a súa automatización para aproveitar mellor o tempo dedicado ao estudo diario.
2. Tomar conciencia das posibilidades físicas, a través do coñecemento e do dominio corporal, co fin de percibir as súas capacidades como intérprete.
3. Coñecer as prácticas interpretativas por medio das fontes escritas, sonoras, audiovisuais axeitadas, para abordar a interpretación do repertorio consonte os estilos interpretativos da música occidental.
4. Adquirir o hábito de escoitar música ampliando a súa cultura musical, para acadar unha base sólida que lle permita ao alumnado diversificar as súas preferencias musicais.
5. Valorar a interpretación a través da propia execución con vistas a extraer conclusións obxectivas que melloren a súa calidade.
6. Introducción á análise interpretativa por medio das novas tecnoloxías.



## 6.1.2 Contidos

### Conceptuais

- Técnicas de estudo
- Plan de traballo
- Técnicas memorísticas
- Técnicas de relaxación
- Concentración e respiración
- O corpo na posta en escena
- Actitude no escenario, o medo escénico
- Evolución dos instrumentos da música antiga a través da historia
- O repertorio a través da historia
- Fontes para o estudo da interpretación
- Normas de actuación nos acontecementos musicais
- Novas tecnoloxías aplicadas á análise interpretativa
- A figura do intérprete: o músico solista; as agrupacións musicais
- Investigación musical: interpretación historicista da música
- Didáctica e pedagogía da interpretación
- Sonoloxía aplicada á interpretación
- O lugar do intérprete na produción e xestión de eventos musicais
- O intérprete como compositor e creador. A improvisación.
- Saídas profesionais

### Procedimentais

- Automatización de técnicas de estudo básicas
- Organización do traballo diario
- Exercitación progresiva da memoria
- Desenvolvemento de técnicas de relaxación
- Desenvolvemento de técnicas orientadas a acadar un grao de concentración e respiración adecuadas
- Coñecemento corporal aplicado á execución
- Control do medo escénico

- Realización de traballos de investigación relacionados co repertorio e a evolución organolóxica do instrumento
- Audición activa do repertorio
- Coñecemento de fontes sonoras e audiovisuais dos intérpretes máis relevantes
- Coñecemento dos tratados de interpretación
- Audicións comparadas
- Coñecemento das normas de actuación convencionais nos acontecementos musicais, como intérpretes e como oíntes
- Uso das novas tecnoloxías na análise interpretativa
- Prácticas de investigación musical: a interpretación historicista da música
- Prácticas de didáctica e pedagogía da interpretación
- Prácticas de sonoloxía aplicada á interpretación
- Prácticas de produción e xestión de eventos musicais
- Prácticas de creación musical e improvisación

### **Actitudinais**

- Actitude positiva ante as actividades programadas
- Toma de conciencia do papel a desenvolver na agrupación da que se forme parte
- Actitude crítica ante as interpretacións propias e alleas

### **6.1.3 Avaliación**

O sistema de avaliación permite valorar o nivel de dominio dos coñecementos, capacidades e actitudes acadado polo alumno/a durante e ao remate do período de aprendizaxe. A avaliación é continua.

Ao comezo do curso realizarase unha avaliación de diagnóstico para determinar o nivel inicial do/a alumno/a.

#### **Criterios de avaliación**

- Controlar a resposta corporal na interpretación a través do emprego das técnicas de relaxación, concentración e respiración estudadas
- Analizar audicións dunha mesma obra nas tres versións interpretativas: formalista, historicista e histórica
- Realizar comentarios críticos ante interpretacións dunha mesma obra por parte de agrupacións diferentes

- Comentar os aspectos interpretativos dunha partitura ante as súas diversas audicións
- Amosar unha actitude positiva e de participación ante os traballos e as audicións propostas
- Tomar conciencia do grao de integración no grupo do cal se forma parte
- Xulgar as interpretacións propias e alleas
- Comentar análises interpretativas realizadas mediante as tecnoloxías máis recentes neste campo

### Mínimos esixibles

O alumnado deberá realizar as actividades de clase, presentar os traballos e superar as probas teórico-prácticas. Os contidos mínimos son:

- Coñecemento de técnicas de estudo básicas para a súa aplicación no traballo diario
- Coñecemento de técnicas orientadas a acadar un grao de relaxación, concentración e respiración adecuadas
- Coñecemento corporal aplicado á execución
- Coñecemento da evolución organolóxica e repertorio do instrumento, así como as fontes históricas de interpretación
- Audición activa e crítica do repertorio
- Audicións comparadas
- Actitude positiva ante as actividades programadas
- Toma de conciencia do papel a desenvolver na agrupación da que se forme parte

### Procedementos e ferramentas de avaliación

O/a alumno/a deberá demostrar os coñecementos e capacidades adquiridas a través da realización das distintas actividades didácticas programadas e a superación dunha proba trimestral de carácter teórico-práctico.

### Criterios de cualificación

A cualificación do/a alumno/a exprésase mediante a escala numérica de 1 a 10, considerando os seguintes apartados: nota de clase, que comprende a realización das actividades programadas, traballos obrigatorios, probas teórico-prácticas (80%), e actitude/asistencia (20%). Para superar a materia é imprescindible obter unha cualificación positiva nas actividades, nos traballos e nas probas teórico-prácticas.

## 6.1.4 Medidas de recuperación

### Procedementos de recuperación ordinarios

Xa que a avaliación e continua, o alumnado con avaliación negativa na primeira e/ou segunda avaliación poderá recuperar a materia na seguinte avaliación. O alumnado con avaliación negativa na convocatoria ordinaria de xuño poderá recuperar a materia na convocatoria extraordinaria de setembro.

A asistencia ás clases é fundamental para traballar de maneira adecuada os contidos de cada curso e logo poder acadar os obxectivos correspondentes. No caso de perda de avaliación continua o/a alumno/a deberá realizar un exame, ao final do trimestre/avaliación, sobre o programa pendente ou non superado. O/a alumno/a deberá reunir os mínimos esixibles para poder obter unha cualificación positiva.

### Probas extraordinarias de setembro

O alumnado con avaliación negativa na convocatoria ordinaria de xuño poderá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro. A proba de setembro consistirá nun exame teórico-práctico sobre o programa da materia. Será imprescindible para obter unha cualificación positiva ter presentado todos os traballos obrigatorios e superar o correspondente exame. O profesor indicará en xuño a cada alumno/a os obxectivos e contidos non acadados así como unha proposta de actividades de recuperación. Serán de aplicación na proba de setembro os criterios de avaliación establecidos nesta programación. Na cualificación final de setembro será tida en conta a nota de clase, a asistencia e a actitude do alumno/a durante o curso.

## 6.1.5 Recursos didácticos

Para levar a cabo as actividades que se desenvolverán na aula, utilizaranse diversos recursos:

- instrumentos
- equipo de reprodución de audio (mp3, CD)
- cámara de vídeo
- equipo de reprodución de vídeo (DVD)
- ordenador portátil (con conexión a internet)
- material bibliográfico
- encerado, espello de parede





## 7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

O obxectivo da avaliación da programación é analizar en que medida o planificado tivo unha execución real. Avaliarase se as actividades se axustaron aos obxectivos e se motivaron aos alumnos/as, dentro dun ambiente positivo, ademais da distribución dos contidos, tipo de material empregado, o espazo utilizado.... A partir desta avaliación, levaranse a cabo as medidas correctoras precisas para garantir o óptimo desenvolvemento da actividade docente. A memoria de final de curso recollerá calquera tipo de incidencia e as posibles correccións serán introducidas na programación didáctica.

## 8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

---

O departamento a través das reunións regulares dos membros realizará avaliacións de seguimento das agrupacións de conxunto, cámara e orquestras.

A división das distintas formacións se fará o principio de curso tendo en conta criterios de curso, idade, posibilidade horaria (alumnos de mañá o tarde), madurez e destreza do instrumento e adecuación das formacións.

No caso de alumnos con problemas realizar unha posible adaptación do currículo contando co profesor que imparte a materia. Tamén queda aberta a posibilidade de cambio no caso de que algún dos integrantes teña serias dificultades, o que por imponderables as situacións aconsellen un cambio de grupo.

En calquera caso o seguimento dos titores dos seus alumnos nas diversas agrupacións será recorrente, para avaliar a completa formación do alumno.

As audicións nas semanas antes da avaliación deben ser acordadas, pola dificultades de uso do auditorio do centro nesas datas: horarios, programas, ensaios,...

### 8.1 Calibración. Proceso PR76CAL.

Realizarase, ao menos, unha proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente.

Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados ás mesmas.

